



---

## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

---

### ANUNCIO

## **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN**

### ÍNDICE

#### TÍTULO PRELIMINAR

##### OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

#### TÍTULO PRIMEIRO

##### DA CIRCULACIÓN URBANA

- CAPÍTULO I: NORMAS XERAIS DE CIRCULACIÓN
- CAPÍTULO II: OUTRAS NORMAS E PROHIBICIÓNS
- CAPÍTULO III: DA SINALIZACIÓN
- CAPÍTULO IV: DA PARADA E ESTACIONAMENTO
  - Sección 1.<sup>a</sup> Da parada
  - Sección 2.<sup>a</sup> Do estacionamento

#### TÍTULO SEGUNDO

##### DAS ACTIVIDADES NA VÍA PÚBLICA

- CARGA E DESCARGA

#### TÍTULO TERCEIRO

##### AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DA VÍA

#### TÍTULO CUARTO

##### DAS AUTORIZACIÓNS PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS (VAOS)

#### TÍTULO QUINTO

##### DAS MEDIDAS CAUTELARES

#### TÍTULO SEXTO

##### DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR

#### ANEXO I: INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

#### ANEXO II: REGULACIÓN DE USOS DAS VÍAS URBANAS E DISTRIBUCIÓN DE APARCAMENTOS

- I) RESTRICCIÓNS ESPECIAIS
- II) RÚAS

#### DISPOSICIÓN FINAL



---

## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

---

# ORDENANZA DE CIRCULACIÓN DO CONCELLO DE BARBADÁS

## TÍTULO PRELIMINAR

### OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

**Artigo 1.-** A presente Ordenanza regulará o tráfico e a circulación no municipio de Barbadás, en uso das atribucións que lle confiren ó goberno municipal, os artigos 4.a) e 49 da lei 7/1985, do 25 de abril, así como as normas contidas na lei 18/1989 do 25 de xullo de bases de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e o seu texto articulado aprobado por RDL 339/1990 do 2 de marzo, así como o RD 13/1992 de 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento xeral de circulación coas modificacións posteriores, e a Lei orgánica 2/1986 de 13 de marzo de forzas e corpos de seguridade. O obxecto da Ordenanza é regula-la circulación de peóns, vehículos e animais polas vías públicas deste municipio, así como a regulación dos distintos usos das mencionadas vías. Nos anexos a esta Ordenanza concréntanse as rúas de sentido único de circulación nas que, polo tanto, será obrigatorio empregar unicamente ese sentido de circulación.

**Artigo 2.-** Ámbito de aplicación: o ámbito de aplicación desta ordenanza obrigará ós titulares e usuarios das vías e terreos públicos urbanos e interurbanos de competencia cedida ó Concello aptos para a circulación, ós das vías e terreos que sen ter tal aptitude sexan de uso común e en defecto doutras normas ós titulares das vías e terreos privados que sexan empregados por unha colectividade indeterminada de usuarios. Entenderase por usuario da vía a peóns, conductores, ciclistas e calquera outra persoa que realice sobre a vía ou utilice a mesma para o desenvolvemento de actividades de natureza diversa, que precisarán para o seu exercicio de autorización municipal.

## TÍTULO PRIMEIRO

### DA CIRCULACIÓN URBANA

#### CAPÍTULO I

#### DAS NORMAS XERAIS DE CIRCULACIÓN

**Artigo 3.-** A circulación de peóns, vehículos e animais polas rúas de Barbadás e tamén as demais situacións de tráfico urbano rexeranse polas disposicións da presente Ordenanza e no que se atope previsto polo establecido na Lei de seguridade viaria e nos regulamentos que a desenvolvan. Correspóndelle á Policía Local verifica-la ordenación, sinalización e dirección do tráfico, a tenor do estipulado na Lei 2/1986 de 13 de marzo.

**Artigo 4.-** A circulación, velocidade, parada, estacionamento e en xeral, as distintas manobras dos vehículos poden ser limitadas e incluso prohibidas temporal ou permanentemente en certas circunstancias de tempo e lugar, cando a seguridade ou fluidez do tráfico ou mesmo a seguridade pública así o esixa, debéndose en todo caso, indica-las



---

## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

---

limitacións ou prohibicións cos sinais previstos nas disposicións regulamentarias nesta materia. O desenvolvemento deste artigo e mesmo o relacionado cos servizos públicos de viaxeiros, serán regulados polas normas e bandos que dicte a alcaldía.

### CAPÍTULO II

#### OUTRAS NORMAS E PROHIBICIÓNS

**Artigo 5.-** Tódolos usuarios das vías públicas deben comportarse correctamente e de xeito que non constitúan perigo ou entorpecemento para a circulación, así como evitaren calquera dano ás persoas ou bens, xa sexan de dominio público ou de propiedade privada.

1. Os peóns circularán polas beirarrúas, de xeito que non obstrúan ou dificulten a circulación por elas doutros viandantes. Para cruza-las calzadas, empregarán os pasos sinalizados e nos lugares que carezan destes farano polos extremos da rúa, perpendicularmente á calzada asegurándose antes da non proximidade dalgún vehículo.

2. Prohíbese levar abertas as portas do vehículo, abri-las antes da súa completa inmovilización e abri-las ou apearse do mesmo sen asegurarse previamente de que iso non implica perigo ou entorpecemento para outros usuarios, especialmente cando se refire a condutores de bicicletas.

3. As bicicletas estarán dotadas dos elementos reflectintes debidamente homologados que regulamentariamente se determinen e que deberán posuír estes vehículos de acordo a dita normativa. Cando sexa obrigatorio o uso de alumeado, os condutores de bicicletas ademais levarán colocada algunha prenda reflectante se circulan por vía interurbana.

4. Prohíbese expresamente ós condutores de bicicletas, motocicletas ou ciclomotores arrincar ou circular co vehículo apoiando unha soa roda na calzada. Así mesmo, prohíbese ós usuarios de ciclomotores, bicicletas, patíns, monopatíns ou artefactos similares agarrarse a vehículos en marcha.

5. Cando os ciclistas circulen en grupo polas vías urbanas deberán respectar individualmente a sinalización semafórica que lles afecte.

**Artigo 6.1-** A realización de obras, instalacións, colocación de colectores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto de forma permanente ou provisional nas vías obxecto desta Ordenanza necesitará a previa autorización municipal e se rexerán polo disposto nesta norma e nas leis de aplicación xeral. As mesmas normas serán aplicables á interrupción das obras, en razón das circunstancias ou características especiais do tráfico que poderá levarse a efecto a petición da autoridade municipal.

**Artigo 6.2-** Non poderán circular polas vías obxecto desta Ordenanza os vehículos con niveis de emisión de ruído superiores ós regulamentariamente establecidos; así como tampouco emitindo gases ou fumes nos valores superiores ós límites establecidos e nos supostos de ser obxecto dunha reforma de importancia non autorizada. Tódolos condutores de vehículos quedan obrigados a colaborar nas probas regulamentadas de detección que permitan comprobar as posibles deficiencias indicadas.

**Artigo 7.-** Prohíbese tirar, depositar ou abandonar sobre a vía obxectos que poidan entorpece-la libre circulación, parada ou estacionamento, facelo perigoso ou deteriorar



---

## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

---

aquela ou as súas instalacións, ou producir na mesma ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións axeitadas para circular, parar ou estacionar.

**Artigo 8.-** O límite máximo de velocidade de marcha autorizado nas vías do casco urbano reguladas pola presente Ordenanza é de 50 Km/h sen prexuízo de que a autoridade municipal, vistas as súas características peculiares, poida establecer en certas vías límites inferiores ou superiores.

Todo conductor está obrigado a respectar os límites de velocidade establecidos e a ter en conta ademais, as propias condicións físicas e psíquicas, as características e estado da vía, así como a do vehículo e as da súa carga, as condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación e en xeral, todas aquelas circunstancias en cada momento concorrentes, a fin de adecuar a velocidade do vehículo de maneira que sempre poida deter a marcha do mesmo dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo.

**Artigo 9.-** Os/as conductores/as de vehículos deberán axustarse no desenvolvemento da conducción ás normas establecidas na Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e os seus Regulamentos de desenvolvemento.

### CAPÍTULO III DA SINALIZACIÓN

#### **Artigo 10.-**

- 1) A sinalización das vías urbanas correspóndelle á autoridade municipal. A Alcaldía ou o Concelleiro delegado, ordenará a colocación, retirada e substitución dos sinais que en cada caso proceda.
- 2) Tódolos usuarios das vías obxecto desta Ordenanza, están obrigados a obedecer os sinais da circulación que establezan unha obrigación ou unha prohibición e a adaptar o seu comportamento á mensaxe do resto dos sinais regulamentarios que se encontran nas vías polas que circulan.

**Artigo 11.-** A instalación, retirada, traslado ou modificación da sinalización requirirá a previa autorización municipal. A autorización determinará o emprazamento, modelo e dimensións dos sinais a implantar.

O Concello procederá á retirada inmediata de toda aquela sinalización que non este debidamente autorizada ou non cumpra as normas en vigor e esto tanto no concernente ós sinais non regulamentarias como si é incorrecta a forma, colocación ou deseño do sinal.

**Artigo 12.-** Os sinais de tráfico preceptivos instalados nas entradas dos núcleos de poboación rexerán para todo o núcleo, salvo sinalización específica para un tramo de rúa.

**Artigo 13.-** A orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais é o seguinte:

1. Sinais e ordenes dos axentes encargados da vixilancia do tráfico.
2. Sinalización circunstancial que modifique o réxime de utilización normal da vía pública
3. Semáforos



---

## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

---

4. Sinais verticais de circulación

5. Marcas viarias

No suposto de que as prescricións indicadas por diferentes sinais parezan estar en contradición entre si, prevalecerá a prioritaria, segundo a orde á que se refire o apartado anterior, ou á máis restrictiva se se trata de sinais do mesmo tipo.

**Artigo 14.-** A Autoridade Municipal, en casos de emerxencia ou ben pola celebración de actos deportivos, culturais ou de calquera outra natureza, susceptible de producir grandes concentracións de persoas ou vehículos, poderá modificar temporalmente a ordenación do tráfico existente e adoptar, no seu caso, tódalas medidas preventivas necesarias para garantir a seguridade das persoas e vehículos e unha maior fluidez na circulación.

### CAPÍTULO IV

#### DA PARADA E ESTACIONAMENTO

##### **Sección 1.<sup>a</sup> Da parada**

**Artigo 15.-** Enténdese por parada toda inmovilización dun vehículo durante un tempo inferior a dous minutos, sen que o conductor poida abandonalo. Non se considerará parada á detención accidental ou momentánea pola necesidade da circulación.

**Artigo 16.-** A parada deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos/as usuarios/as da vía, coidando especialmente a colocación do mesmo. En todo caso, a parada terá que facerse arrimando o coche á beirarrúa da dereita segundo o sentido da marcha, aínda que nas vías dun solo sentido de circulación tamén se poderá facer á esquerda. Os/as pasaxeiros/as terán que baixar polo lado correspondente á beirarrúa. A persoa conductora, se ten que baixar, poderá facelo polo outro lado, sempre que previamente se asegure de que pode efectualo sen ningún tipo de perigo.

**Artigo 17.-** En tódalas zonas e vías públicas, a parada efectuarase nos puntos onde menos dificultades se produzan na circulación. Exceptúanse os casos nos que os pasaxeiros sexan persoas enfermas ou impedidas, ou se trate de servizos públicos de urxencia ou de camiións do servizo de limpeza ou recollida do lixo.

Nas rúas urbanizadas sen beirarrúa, deixarase unha distancia mínima dun metro dende a fachada máis próxima.

**Artigo 18.-** Os auto-taxi e vehículos de gran turismo pararán na forma e lugares que determine a Ordenanza Reguladora do Servizo e no seu defecto, con suxeición estricta ás normas que con carácter xeral se establecen na presente Ordenanza para as paradas.

**Artigo 19.-** Os autobuses, tanto de liñas urbanas como interurbanas, unicamente poderán deixar e tomar viaxeiros/as nas paradas expresamente determinadas ou sinalizadas pola Autoridade Municipal.



---

## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

---

### **Artigo 20.-** Prohíbese as paradas nos casos e lugares seguintes:

- a) Nos lugares prohibidos regulamentariamente ou sinalizados por discos ou pintura.
- b) Cando produzan obstrucción ou perturbación grave na circulación de peóns ou vehículos.
- c) En dobre fila, salvo que aínda quede libre un carril nas rúas de sentido único de circulación e en rúas de dous sentidos, sempre que o tráfico non sexa moi intenso e non haxa espacio libre nunha distancia de corenta metros.
- d) Sobre os refuxios, illotes, medianas, zonas de protección e demais elementos canalizadores do tráfico.
- e) Cando se obstaculice a utilización normal do paso de entrada ou saída de vehículos e persoas, así como cando se encontre sinalizado o acceso de vehículos co correspondente vao.
- f) Zonas sinalizadas para uso exclusivo de diminuídos físicos, sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ó paso de peóns.
- g) A menos de 5 metros dunha esquina, cruce ou bifurcación salvo que a parada se poida realizar en chafráns ou fora de estes sen constituír obstáculo ou causar perigo para a circulación.
- h) Nas pontes, pasos a nivel, túneles e debaixo dos pasos elevados, salvo sinalización contraria.
- i) Nos lugares onde a detención impida a visión de sinais de tráfico ós conductores a que estas vaian dirixidos.
- j) Na proximidade de curvas ou cambios de rasantes cando a visibilidade sexa insuficiente para que os demais vehículos poidan pasar sen perigo para o que este detido.
- k) Nas paradas debidamente sinalizadas para vehículos de servizo público, organismos oficiais e servizos de urxencia.
- l) Nos carrís reservados á circulación ou o servizo de determinados usuarios como autobuses de transporte público de pasaxeiros ou taxis.
- m) Nos rebaixes da beirarrúa para o paso de persoas con mobilidade reducida.
- n) Nos pasos ou carrís reservados exclusivamente para o uso de ciclistas.
- o) Nas vías públicas declaradas de atención preferente por Resolución Municipal, salvo que a parada poida realizarse nos chafráns.
- p) Cando se obstaculicen os accesos e saídas de emerxencia debidamente sinalizadas pertencentes a escolas, edificios, locais ou recintos destinados a espectáculos ou actos públicos, nas horas de celebración dos mesmos.
- q) No medio da calzada, aínda no suposto caso de que a anchura da mesma o permita, salvo que este expresamente autorizado.
- r) Cando se impida a outros vehículos un xiro autorizado.



---

## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

---

### **Sección 2.<sup>a</sup> Do estacionamento**

**Artigo 21.-** Enténdese por estacionamento toda inmovilización dun vehículo na que a súa duración exceda de dous minutos, sempre que non este motivada por imperativo da circulación ou polo cumprimento de calquera requisito regulamentario.

**Artigo 22.-** O estacionamento deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstacule a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a colocación do mesmo situándoo o máis cerca posible do borde da calzada segundo o sentido da marcha e evitar que poida pórse en movemento en ausencia do conductor. A tal obxecto os conductores terán que tomar as precaucións adecuadas e suficientes e serán responsables das infraccións que se poidan chegar a producir como consecuencia dun cambio de situación do vehículo ou pórse en marcha espontaneamente ou pola acción de terceiros, salvo que neste último caso existise violencia manifesta.

O estacionamento efectuarase de forma que permitan ós demais usuarios a mellor utilización do restante espazo libre.

**Artigo 23.-** Nas vías de dobre sentido de circulación o estacionamento, cando non estivera prohibido, efectuarase na marxe dereita do sentido da marcha.

Nas vías dun só sentido de circulación e sempre que non exista sinal contrario ó estacionamento, efectuarase en ambos lados da calzada sempre que se deixe unha anchura para a circulación non inferior a tres metros.

**Artigo 24.-** Os conductores deberán estacionar os vehículos tan cerca do borde como sexa posible, deixando un espazo non superior a 20 centímetros entre o borde da beirarrúa e a superficie exterior das rodas do vehículo para poder permiti-la limpeza de esta parte da calzada.

**Artigo 25.-** Os vehículos destinados ó transporte de viaxeiros ou de mercancías con masa máxima autorizada (MMA) superior a 7500 Kg, non poderán estacionar en vías públicas urbanas salvo nos lugares expresamente autorizados pola Administración Municipal.

**Artigo 26.-** A autoridade municipal poderá establecer e sinalizar zonas para a realización das operacións de carga e descarga.

- 1) Poderán facer uso das reservas de estacionamento para carga e descarga calquera vehículo, sempre que estea destinado ó transporte de mercancías ou que sen esta-lo, o conductor permaneza no seu interior, que estea realizando operacións de carga e descarga mentres duren as operacións e sen superar o tempo máximo de 30 minutos, excepto casos xustificados nos que se axustará o tempo o estrictamente necesario.
- 2) O Concello atendendo a circunstancias de situación, proximidade a zonas de estacionamento regulado e con limitación horaria, ou frecuencia de uso, poderá establecer regulacións específicas para a realización de operacións de carga e descarga.



---

## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

---

- 3) Cando fora posible, as zonas de reserva de estacionamento por obra se concederán a instancia motivada do peticionario quen deberá acreditar, mediante o oportuno informe técnico, a imposibilidade de reservar o espazo referido no apartado anterior. A Autoridade Municipal á vista da documentación aprobada determinará sobre a procedencia da súa concesión e sobre os condicionamentos que se autoricen.

A carga e descarga en situacións ou para servizos especiais (combustible, mudanzas, operacións esporádicas e excepcionais) deberá ser obxecto da regulación por resolución da alcaldía. Nas autorizacións que se concedan farase constar a finalidade, situación, extensión, datas e horarios, así como a MMA dos vehículos.

**Artigo 27.-**Queda prohibido o estacionamento nos casos e lugares seguintes:

- a) Nos lugares onde o prohiban os sinais correspondentes.
- b) Onde este prohibida a parada.
- c) Nun mesmo lugar da vía pública durante máis de cinco días consecutivos. Ós efectos expresados só se computarán os días hábiles.
- d) En dobre fila en calquera suposto.
- e) Nas zonas sinalizadas como reserva de carga e descarga de mercadorías nos días e nas horas en que este en vigor a reserva.
- f) Nas zonas reservadas para estacionamento de vehículos de servizo público, organismos oficiais, delegacións diplomáticas e servizos de urxencia ou policía.
- g) Diante dos accesos de edificios destinados a espectáculos ou actos públicos, nas horas de celebración dos mesmos xa que con isto se resta facilidade á saída masiva de persoas en caso de emerxencia.
- h) Cando o vehículo estacionado deixe para a circulación rodada unha anchura libre inferior á dun carril de 3 metros.
- i) Nas rúas de dobre sentido de circulación nas cales a anchura da calzada só permita o paso de dúas columnas de vehículos.
- j) Cando se obstaculice a utilización normal do paso a inmobles por vehículos ou persoas.
- k) Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaixados para persoas de mobilidade reducida.
- l) En condicións que dificulten a saída doutros vehículos estacionados regulamentariamente.
- m) Nos vaos total ou parcialmente.
- n) Nos carrís reservados á circulación de determinadas categorías de vehículos.
- o) Nos lugares reservados exclusivamente para parada de determinadas categorías de vehículos.
- p) Nos lugares sinalizados temporalmente por obras, actos públicos ou manifestacións deportivas.
- q) Diante dos lugares reservados para colectores do Servizo Municipal de Limpeza.
- r) Sobre a beirarrúa, paseos e demais zonas destinadas o paso de peóns.
- s) En zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas de mobilidade reducida.
- t) En vías públicas, os remolques separados do vehículo a motor.
- u) Nas rúas urbanizadas sen beirarrúas.
- v) Fóra dos límites do perímetro marcado nos estacionamentos autorizados.





---

## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

---

### TÍTULO SEGUNDO

#### DAS ACTIVIDADES NA VÍA PÚBLICA

##### CARGA E DESCARGA

**Artigo 28.1.** -A carga e descarga de mercadorías levarana a cabo os vehículos autorizados dentro do horario establecido nesta Ordenanza, estando suxeita en todo caso, ás seguintes condicións:

- a) Observarán rigorosamente as normas sobre as paradas e estacionamentos contidos na Lei de Seguridade Viaria e o Regulamento que a desenvolve.
- b) As operacións de carga e descarga levaranse a cabo nas zonas reservadas para tal efecto, non serán ruidosas e efectuaranas persoal suficiente para que se faga con rapidez e non ofrezan dificultades á circulación de persoas e vehículos; asemade, deben acadarse as pertinentes medidas de precaución para prever posibles danos ás persoas ou cousas, as operacións de carga e descarga de mercadorías molestas, nocivas, insalubres e perigosas e tamén as que conteñan especialidades no seu anexo estarán determinadas ademais, polas disposicións específicas que regulan esta materia. Establécense zonas de carga e descarga e reserva de aparcamento segundo os anexos desta Ordenanza.

**Artigo 28.2.-** Zonas e horarios de carga e descarga.

As zonas concretas nas que se poderán levar a cabo operacións de carga e descarga sen constituír obstáculo para a circulación nin producir impacto na estética do casco urbano, se distribuirán da seguinte forma:

- a) **Avda. de Celanova** entre os números **21 e 23** establécense unha zona reservada para operacións de carga e descarga de **15 m.** lineais.
- b) **Avda. de Celanova** entre os números **37 e 39** establécense unha zona reservada para operacións de carga e descarga de **23 m.** lineais.
- c) **Avda. de Celanova** fronte ó número **80** establécense unha zona reservada para operacións de carga e descarga de **25 m.** lineais.
- d) **Avda. de Celanova** fronte ó número **83** establécense unha zona reservada para operacións de carga e descarga de **16 m.** lineais.

En canto ós horarios, como norma xeral deberase establecer un horario para efectua-las devanditas operacións de carga e descarga de mercadorías, considerando tempo suficiente de 7:00 a 12:00 horas, coa excepción da zona que se atopa fronte ó número 80 que será de 7:00 a 13:00 horas e de 17:00 a 20:00 horas, debido á grande actividade comercial que hai na zona.

### TÍTULO TERCEIRO

#### OCUPACIÓN DA VÍA



---

## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

---

**Artigo 29.-**Toda instalación ou construción permanente ou provisional na vía pública: quioscos, postos de venda, barracas e outros aparellos, mesas e cadeiras no exterior dos establecementos, así como a celebración de festas ó aire libre, ficarán subordinadas á previa obtención da licenza municipal. As normas, que serán observadas en canto que poidan entorpece-la circulación rodada ou dos peóns, serán as que reciban da Policía Local.

### TÍTULO CUARTO DAS AUTORIZACIÓNS PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS (VAOS)

**Artigo 30.-**Está suxeito a Autorización Municipal o acceso de vehículos ó interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público ou que supoña un uso privativo ou unha especial restricción do uso que corresponda a tódolos cidadáns respecto a tódolos bens ou impida o estacionamento ou parada doutros vehículos no fronte polo que se realiza o acceso.

**Artigo 31.-**Obrigas do titular do vao: Ó titular do vao ou á comunidade de propietarios correspondente, seranlle de aplicación as seguintes obrigas:

1. A limpeza dos accesos ó inmovible, de graxa, aceites ou outros elementos producidos como consecuencia da entrada e saída de vehículos.
2. Coloca-lo sinal de vao permanente nunha zona visible da porta de entrada ou saída do inmovible, preferentemente no seu lado dereito ou no seu defecto na zona central superior da fachada da porta. Excepcionalmente, naqueles inmobles con accesos de longo recorrido, permitirase que se coloque nunha barra vertical.
3. Á adquisición do sinal de vao aprobada polo Concello.

**Artigo 32.-** A autorización de entrada de vehículos será concedida pola Alcaldía ou o Concelleiro-Delegado correspondente á proposta dos servicios correspondentes.

A solicitude de autorización poderá ser solicitada polos posuidores lexítimos dos inmobles ós que se vaia permiti-lo acceso, así coma os promotores ou contratistas no suposto de obras.

**Artigo 33.-** A execución de rebaixes do bordo e sinalización de vao permanente están suxeitas á previa autorización municipal e cumprimento dos trámites previstos na ordenanza reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e espazos públicos e por estacionamentos reservados na vía pública, publicada no BOP do día 28 de decembro de 2000. A toda solicitude de rebaixe do bordo deberá acompañarse: plano de situación, plano de planta do local, declaración xurada dos vehículos que se gardan (matrícula, modelo, propietario e domicilio), fotocopia do último recibo do pagamento de entrada de carruaxes e fotocopia do último recibo do pagamento do rebaixe de bordo, cando só se solicite o vao permanente.

**Artigo 34.-** Ás entradas de vehículos só se lle concederán do tipo vao permanente é dicir:



---

## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

---

- Garaxes privados ou de comunidades de propietarios con máis de tres vehículos e unha superficie mínima de 36 metros cadrados .
- Garaxe público con capacidade superior a 10 prazas e talleres con cabida superior a 5 vehículos.
- Garaxes destinados a vivenda unifamiliar.
- Edifícios ou instalacións de equipamentos comunitarios de carácter sanitario hospitalis e ambulatorios.
- Gasolineiras, estacións de servicio, venda de carburantes.
- Aparcamentos de promoción pública.
- Edifícios destinados a organismos oficiais cando a natureza do mesmo o esixa.

### **Artigo 35.-Sinalización**

Están constituídas por dous tipos de sinalización :

#### **VERTICAL**

- Instalación na porta, fachada ou construción dun disco de prohibición de estacionamento axustado ó modelo oficial que será facilitado polo Concello previo abono das taxas correspondentes nas que constará:
- Núm. de identificación outorgado polo Concello.
- Os metros de reserva autorizada.
- A vixencia do vao no que debe consta-lo ano en curso.

#### **HORIZONTAL**

Consiste nunha franxa amarela de lonxitude correspondente á do ancho da entrada pintada no bordo ou na calzada xunto ó bordo.

Non se permitirá en ningún caso colocar ramplas ocupando a calzada.

No suposto de que o interesado precise realizar algunha obra de adaptación do vao, deberá pedi-lo correspondente permiso de obra.

Os custos que ocasione a sinalización descrita, así como as obras precisas correrán a conta do solicitante que se virá obrigado a mante-la sinalización tanto vertical coma horizontal nas debidas condicións.

**Artigo 36.-**Os desperfectos ocasionados nas beirarrúas con motivo do uso especial que implica a entrada e saída de vehículos con ocasión do vao concedido, será responsabilidade dos titulares, os cales estarán obrigados á súa reparación a requirimento da autoridade competente e dentro do prazo que ó efecto se outorgue, no caso do seu incumprimento dará lugar á execución forzosa nos termos regulamentados na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común.

**Artigo 37.-**O Concello poderá suspender por razóns do tráfico, obras na vía pública ou outras causas extraordinarias os efectos da autorización con carácter temporal.

**Artigo 38.-**As autorizacións poderán ser revocadas polo órgano que as dictou nos casos seguintes :

- Por ser destinadas a fins distintos para os que foran outorgadas.
- Por desapareceren as causas ou circunstancias que deron lugar ó seu outorgamento.
- Por non aboa-lo prezo público anual correspondente.
- Por carecer da sinalización axeitada.
- Por causas motivadas relativas ó tráfico ou circunstancias da vía pública.



---

## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

---

A revogación dará lugar á obriga do titular de retirar a sinalización, reparar o bordo da beirarrúa ó seu estado inicial e entregar a placa identificativa do Concello.

**Artigo 39.**-Cando se solicite a baixa ou anulación da autorización de entrada de vehículos que se viña gozando por deixar de usar o local como aparcamento, deberase suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada, reparar o bordo da beirarrúa ó estado inicial e a entrega da placa nos servicios municipais correspondentes.

Previa comprobación do cumprimento destes requisitos polos servicios municipais correspondentes, procederase á concesión da baixa solicitada.

### TÍTULO V

#### DAS MEDIDAS CAUTELARES

**Artigo 40.**-Os Axentes da Policía Local de servicio terán a obriga de proceder ó alzamento de vehículos das vías públicas abertas ó uso público para o seu traslado ós lugares axeitados, naqueles casos previstos nos artigos 38 apartado 4.º e 71 da Lei de Seguridade Viaria. A retirada do vehículo da vía pública farase empregando o servicio de guindastre que poida ter o mesmo Concello ou de carácter particular. Os gastos que se orixinen como consecuencia deste traslado serán por conta do titular do vehículo, segundo o establecido na Ordenanza fiscal do Concello, que deberán facerse efectivos ou ben garanti-lo seu pagamento por calquera dos medios establecidos en dereito, como requisito previo á devolución do vehículo sen prexuízo dos correspondentes dereitos de repercusión ou recurso.

**Artigo 41.**-Os Axentes da Policía Local, sen prexuízo da denuncia que deberá facer pola infracción correspondente, poderá proceder á inmovilización inmediata do vehículo no lugar máis axeitado cando incumpran os preceptos da Lei de Seguridade Viaria, estimándose un risco grave para a circulación, persoas ou bens, nos casos seguintes:

- Cando o conductor non teña o permiso de conducir ou o que amose non sexa válido
- Cando o conductor non leve o permiso de circulación ben porque non o teña ou ben porque estea anulado, revocado ou con suspensión preventiva.
- Cando por deficiencias ostensibles do vehículo constitúa perigo para a circulación ou cause danos na estrada.
- Cando exceda dos límites de altura ou anchura marcados na lexislación ou autorización especial concedida.
- Cando a carga do vehículo exceda en máis dun 10% en peso ou lonxitude da autorizada
- Cando o movemento ou campo de visión do conductor resulten perigosamente reducidos polo número de viaxeiros ou pola carga interior.
- Cando o conductor non permita levar a cabo a proba de detección de alcohol en sangue
- Cando denunciado o vehículo e fixada provisionalmente a contía da sanción, o infractor non acredite a súa residencia habitual no territorio español e se negue a deposita-lo seu importe ou garanti-lo seu pagamento.

A inmovilización será erguida inmediatamente despois de que desaparezan as causas que a motivaron, os gastos orixinados por estas actuacións serán satisfeitos polo propietario ou



---

## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

---

persoa que o represente dentro dos termos establecidos na correspondente Ordenanza fiscal deste Concello.

### TÍTULO VI

#### PROCEDEMENTOS SANCIONADORES

**Artigo 42.-** A facultade de sanciona-las infraccións ás normas de circulación cometidas en vías urbanas, correspóndelle á Alcaldía, conforme ó cadro de multas que consta tamén nesta Ordenanza sen prexuízo de que poidan constituír delictos ou faltas tipificadas nas leis penais, caso no que se paralizará o procedemento sancionador ata que haxa sentenza xudicial firme.

**Artigo 43.-** A responsabilidade polas infraccións cometidas ás normas de circulación contidas nesta Ordenanza recaerá directamente no peón ou conductor autor do feito en que consista a infracción. O titular do vehículo ten o deber de identificar ó conductor responsable dunha infracción unha vez que sexa requirido para iso, sendo sancionado como autor de falta grave se non cumprira esta obriga sen causa xustificada.

Cando sexa declarada a responsabilidade polos feitos cometidos por un menor de 18 anos, responderán solidariamente por el os seus pais, titores, acolledores e gardadores legais ou de feito por esta orde, en razón ó incumprimento da obriga imposta ós mesmos que implica un deber de preve-la infracción administrativa que se imputa ós menores.

**Artigo 44.-**As infraccións ás normas de circulación clasifícanse en leves, graves e moi graves. A catalogación da infracción farana os Axentes locais, seguindo os criterios establecidos no artigo 65 da Lei da Seguridade Viaria, estendendo para iso o correspondente boletín de denuncia. O grao da sanción, que terá o seu reflexo económico segundo o baremo establecido nesta ordenanza, farase conforme á gravidade e transcendencia do feito denunciado, antecedentes do infractor e perigo potencial creado.

**Artigo 45.-**As normas en canto á instrucción, notificación, tramitación, recursos, prescrición, cancelación, execución e cobros de multas, segundo o establecido nos artigos 75 e seguintes da Lei de Seguridade Viaria, serán tamén as reguladoras do procedemento sancionador deste Concello.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Está facultado o Sr. alcalde para a aplicación gradual da presente Ordenanza, nos aspectos relativos ó tráfico rodado e á súa ordenación nas vías urbanas.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

O Sr. alcalde poderá, segundo especiais circunstancias o aconsellen, introducir modificacións, nos anexos da presente Ordenanza, dándolle conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar, se se trata de modificacións temporais, sendo necesarios noutro caso tramita-la modificación da Ordenanza.



## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

### DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

O cadro de multas da presente Ordenanza é do seguinte xeito, segundo e con referencia á Lei de Seguridade Viaria, núm. 18/1889 do 25 de xullo:

#### USUARIOS E CONDUCTORES

ART.	APAR.	OPC	INF	FEITO DENUNCIADO	EUROS
002	0	001	L	Comportarse os usuarios da vía de forma que se entorpeza indebidamente a circulación	60
002	0	002	L	Comportarse os usuarios da vía orixinando perigo, prexuízos ou molestias ós demais usuarios	60
002	0	003	L	Comportarse os usuarios da vía de forma que cause dano ós bens	60
003	1	001	L	Conducir sen a dilixencia e precaución precisas para evitar todo dano ou perigo propio ou alleo	60
003	1	002	G	Conducir de modo negligente	110
003	1	003	MG	Conducir de modo temerario	302

#### OBRAS E ACTIVIDADES PROHIBIDAS

ART	APAR	OPC	INF	FEITO DENUNCIADO	EUROS
004	0	001	L	Guindar, depositar ou abandonar sobre a vía obxectos ou materias que poidan entorpece-la circulación, a parada ou o estacionamento	60
004	0	002	L	Guindar, depositar ou abandonar sobre a vía, obxectos ou materias que poidan facer perigosa a circulación, ou altera-las condicións axeitadas para circular	60
004	0	003	L	Guindar, depositar ou abandonar sobre a vía, obxectos ou materias que poidan deteriorar aquela ou as súas instalacións	60
005	1	001	L	Crear obstáculo ou perigo na vía, sen toma-las medidas necesarias para facelo desaparecer o antes posible	60
005	1	002	L	Crear obstáculo ou perigo na vía, sen tomar as medidas necesarias para que non se dificulte a circulación	60
005	2	001	L	Non sinalizar, de forma eficaz, obstáculo ou perigo creado sobre a vía	60
006	0	001	L	Guindar á vía ou inmediacións calquera obxecto que poida poñer en perigo a seguridade vial	60
006	0	002	G	Guindar á vía ou inmediacións un obxecto acendido que poida ocasionar incendio	92
007	1	001	L	Emitir ruidos na vía, excedendo os límites regulamentarios	60
007	1	002	L	Emitir gases na vía, excedendo os límites regulamentarios	60
007	1	003	L	Emitir contaminantes na vía, excedendo os límites regulamentarios	60
007	1	004	L	Emitir perturbacións electromagnéticas na vía, excedendo os límites regulamentarios	60
007	2	001	L	Circular vehículo a motor co escape libre	60
007	2	002	L	Circular ciclomotor co escape libre	60
007	2	003	L	Circular un vehículo a motor, expulsando os gases de motor a través dun silenciador incompleto, inaxeitado ou deteriorado	60
007	2	004	L	Circular un ciclomotor, expulsando os gases do motor a través dun silenciador incompleto, inaxeitado ou deteriorado	60
007	2	005	L	Circular un vehículo a motor expulsando os gases do motor a través de tubos resoantes	60
007	2	006	L	Circular un ciclomotor expulsando os gases do motor a través de tubos resoantes	60



## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

007	2	007	L	Circular un vehículo a motor proxectando ó exterior combustible non queimado	60
007	2	008	L	Circular un ciclomotor proxectando ó exterior combustible non queimado	60
007	2	009	L	Circular un vehículo a motor, expulsando fume que dificulte a visibilidade ós conductores doutros vehículos	60
007	2	010	L	Circular un ciclomotor expulsando fume que dificulte a visibilidade ós conductores doutros vehículos	60
007	4	001	L	Producir fume, por incineración de lixo ou residuos, que afecten á vía	60

### TRANSPORTE DE PERSOAS

ART.	APAR.	OPC	INF	FEITO DENUNCIADO	EUROS
009	1	001	L	Transportar nun vehículo unha persoa máis que o número de prazas autorizado	30
009	1	002	L	Transportar nun vehículo dúas persoas máis que o número de prazas autorizado	40
009	1	003	L	Transportar nun vehículo tres persoas máis que o número de prazas autorizado	50
009	1	004	L	Transportar un vehículo catro persoas máis que o número de prazas autorizado	60
009	1	005	MG	Transportar nun vehículo un exceso do 50% do número de prazas autorizadas, excluído o conductor	302
009	1	006	L	Non levar, un vehículo de servizo público, a praca indicadora do número de prazas colocada no seu interior	60
009	1	007	L	Non levar, un autobús, a placa indicadora do número de prazas colocada no seu interior	60
009	1	008	L	Circular un vehículo privado excedendo entre viaxeiros e equipaxe o peso máximo autorizado para o mesmo	60
009	1	009	L	Circular un vehículo de servizo público excedendo, entre viaxeiros e equipaxe, o peso máximo autorizado para o mesmo	60
010	1	001	L	Circular con algún menor de 12 anos nos asentos dianteiros do vehículo, sen usar dispositivos homologados específicos	60
010	2	001	L	Circular un vehículo privado transportando persoas nun emprazamento distinto ó destinado e acondicionado para elas	60
010	2	002	L	Circular un vehículo de servizo público transportando persoas en emprazamento distinto ó destinado e acondicionado para elas	60
010	4	001	G	Circular un vehículo autorizado a transportar persoas e carga, sen ir provisto de protección axeitada á carga transportada, de maneira que esta non moleste ni poida danar ós ocupantes	92
011	1	001	L	Parar ou arrincar de forma brusca, o conductor dun vehículo de transporte colectivo de persoas	60
011	1	002	L	Non efectuar a parada, o conductor dun vehículo de transporte colectivo de persoas, o máis preto posible da beira dereita da calzada	60
011	1	003	L	Realizar durante a marcha, o conductor dun vehículo de transporte colectivo de persoas, actos que lle poidan distraer da condución	60
011	2A	001	L	Distraer o viaxeiro ó conductor do vehículo de transporte colectivo de viaxeiros durante a marcha	60
011	2B	001	L	Entrar ou saír, o viaxeiro nun vehículo de transporte colectivo de viaxeiros, por un lugar distinto ó destinado ó efecto	60
011	2C	001	L	Entrar o viaxeiro nun vehículo de transporte colectivo de viaxeiros cando se fixera a advertencia de que estaba completo	60
011	2D	001	L	Dificultar o viaxeiro innecesariamente o paso nos lugares	60



## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

				destinados ó tránsito de persoas nun vehículo de transporte colectivo de viaxeiros	
011	2E	001	L	Levar o viaxeiro calquera animal, salvo nos casos autorizados, nun vehículo destinado ó transporte colectivo de viaxeiros	60
011	2F	001	L	Levar o viaxeiro materias ou obxectos perigosos en condicións distintas ás establecidas, nos vehículos destinados o transporte colectivo de viaxeiros	60
011	2G	001	L	Desatender o viaxeiro as instrucións sobre o servizo dadas polo conductor ou encargado do vehículo de transporte colectivo de viaxeiros	60

### CICLOS, CICLOMOTORES E MOTOCICLETAS

ART.	APAR.	OPC	INF	FEITO DENUNCIADO	EUROS
012	1	001	L	Circular dúas persoas nun ciclo construído para unha sola	60
012	1	002	L	Circular dúas persoas nun ciclomotor construído para unha sola	60
012	1	003	L	Circular transportando menor de doce anos como pasaxeiro en ciclomotor ou motocicleta	60
012	21	001	L	Circular máis de unha persoa en motocicleta dunha praza	60
012	21	002	L	Circular nunha motocicleta maior número de persoas que o número de prazas que constan no permiso de circulación	60
012	22	001	L	Non ir a cabalo o pasaxeiro autorizado dunha motocicleta ou ciclomotor	60
012	22	002	L	Non ir cos pés apoiados nos repousapés laterais o pasaxeiro autorizado dunha motocicleta ou ciclomotor	60
012	23	001	L	Transportar a un viaxeiro en motocicleta ou ciclomotor nun lugar intermedio entre o conductor e o guiador	60

### DIMENSIÓN DE VEHÍCULO E A SÚA CARGA

ART.	APAR.	OPC	INF	FEITO DENUNCIADO	EUROS
013	1	001	G	Circular un vehículo o que a súa lonxitude, incluída a carga, excede dos límites regulamentarios	92
013	1	002	G	Circular un vehículo o cal a súa anchura, incluída a carga, excede dos límites regulamentarios	92
013	1	003	G	Circular un vehículo o cal a súa altura, incluída a carga, excede dos límites regulamentarios	92
013	1	004	G	Circular un vehículo o cal a súa carga excede dos límites establecidos para a vía	92
013	2	001	G	Non cumprir as condicións establecidas na autorización especial, transporte de carga que excede os límites regulamentarios	92

### DISPOSICIÓN DA CARGA

ART.	APAR.	OPC	INF	FEITO DENUNCIADO	EUROS
014	1A	001	L	Circular arrastrando a carga transportada ou os accesorios	60
014	1A	002	L	Non acondicionar a carga para evitar a súa caída	60





## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

014	1A	003	L	Non acondicionar a carga para evitar que se desprace de xeito perigoso ou comprometa a estabilidade do vehículo	60
014	1C	001	L	Non acondicionar a carga de forma que se evite producir ruídos	60
014	1C	002	L	Non acondicionar a carga de forma que se evite producir po	60
014	1D	001	L	Transportar a carga de forma que oculte os dispositivos de alumeado ou de sinalización luminosa	60
014	1D	002	L	Transportar a carga de forma que oculte as placas de matrícula	60
014	1D	003	L	Transportar a carga de forma que oculte os distintivos obrigatorios do artigo	60
014	1D	004	L	Transportar a carga de forma que oculte as advertencias manuais del conductor	60
014	2	001	L	Transportar materias que produzan po, sen cubrilas total e eficazmente	60
014	3	001	L	Transportar residuos, materias molestas ou insalubres en vehículo non acondicionado	60
014	3	002	L	Permanecer na vía pública, un vehículo destinado á recollida de restos de produtos perecedoiros, sen efectuar operacións de carga ou descarga	60
014	3	003	L	Transportar animais mortos nun vehículo non impermeable e sen peche hermético	60
014	3	004	L	Transportar carnes mortas destinadas a consumo humano, en vehículo non acondicionado	60
014	3	005	L	Colocar productos carnosos, comestibles ou no, na parte exterior de vehículo	60

## DIMENSIÓN DA CARGA

ART.	APAR.	OPC	INF	FEITO DENUNCIADO	EUROS
015	1	001	L	Exceder a carga transportada da proxección en planta do vehículo, nos casos non autorizados	60
015	2AA	001	L	Sobresaír carga indivisible máis de 2 metros pola parte anterior, en vehículo de máis de 5 metros de lonxitude, destinado exclusivamente ó transporte de mercadorías	60
015	2AA	002	L	Sobresaír carga indivisible máis de 3 metros por la parte posterior, en vehículo de máis de 5 metros de lonxitude, destinado exclusivamente ó transporte de mercadorías	60
015	2AB	001	L	Sobresaír carga indivisible pola parte anterior do vehículo, máis de 1/3 da súa lonxitude, en vehículo de lonxitude igual ou inferior a 5 metros destinado exclusivamente a transporte de mercadorías	60
015	2AB	002	L	Sobresaír carga indivisible pola parte posterior do vehículo, máis de 1/3 da súa lonxitude, en vehículo de lonxitude igual ou inferior a 5 metros destinado exclusivamente ó transporte de mercadorías	60
015	2B	001	L	Sobresaír carga indivisible máis de 0,40 metros por cada lateral sen exceder os 2,50 metros de ancho total	60
015	3	001	L	Sobresaír lateralmente a carga máis de 0,50 metros a cada lado do eixo lonxitudinal, no vehículo de anchura inferior a 1 metro	60
015	3	002	L	Sobresaír a carga, pola parte anterior, en vehículo de anchura inferior a 1 metro	60
015	3	003	L	Sobresaír a carga, pola parte posterior, máis de 0,25 metros, en vehículo de anchura inferior a 1 metro	60



## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

015	4	001	L	Non adoptar, cando sobresaia a carga, as precaucións necesarias para evitar danos ou perigos a outros usuarios da vía	<b>60</b>
015	4	002	L	Non resgardar os salientes da carga	<b>60</b>
015	5	001	L	Non sinalizar mediante paneis regulamentarios o saliente posterior da carga	<b>60</b>
015	5	002	L	Non sinalizar regulamentariamente, en horas e condicións de utilización do alumeado, o saliente posterior da carga	<b>60</b>
015	5	003	L	Non sinalizar regulamentariamente, en horas e condicións de utilización do alumeado, o saliente anterior da carga	<b>60</b>
015	6	001	L	Non sinalizar regulamentariamente, en horas e condicións de utilización do alumeado, o saínte lateral da carga	<b>60</b>

### OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA

ART.	APAR	OPC	INF	FEITO DENUNCIADO	EURO
016		001	L	Efectuar operacións de carga e descarga ocasionando perigo ó tránsito de outros usuarios da vía	<b>90</b>
016	0	002	L	Efectuar operacións de carga e descarga ocasionando perturbacións graves ó tránsito de outros usuarios da vía	<b>60</b>
016	A	001	L	Efectuar operacións de carga e descarga fora do horario autorizado	<b>60</b>
016	B	001	L	Non efectuar as operacións de carga e descarga polo lado máis próximo ó borde da calzada, sempre que elo sexa posible	<b>60</b>
016	C	001	L	Producir ruidos ou molestias innecesarias no desenvolvemento das operacións de carga e descarga	<b>60</b>
016	C	002	L	Deposita-la mercancía na calzada durante as operacións de carga e descarga	<b>60</b>

### NORMAS XERAIS DOS CONDUCTORES

ART.	APAR	OPC	INF	FEITO DENUNCIADO	EURO
017	1	001	L	Conducir un vehículo sen estar en todo momento en condicións de controlalo	<b>60</b>
017	1	002	L	Conducir algún animal sen estar en todo momento en condicións de controlalo	<b>60</b>
017	1	003	L	Conducir sen a precaución necesaria pola proximidade doutros usuarios	<b>60</b>
017	2	001	L	Conducir cabalerías, gandos ou vehículo de carga de tracción animal correndo pola vía	<b>60</b>
017	2	002	L	Abandonar a conducción de cabalerías, gandos ou vehículo de carga de tracción animal, deixándoos marchar libremente	<b>60</b>
018	1	001	L	Conducir sen manter a propia liberdade de movementos, o campo necesario da visión e a atención permanente á conducción que garanta a seguridade na conducción	<b>60</b>
018	1	002	L	Conducir un vehículo sen manter a posición adecuada ou sen coidar que o resto dos pasaxeiros a manteñan	<b>60</b>
018	1	003	L	Conducir un vehículo, sen coidar da adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados, para que non interfíran na conducción	<b>60</b>
018	2	001	L	Conducir usando cascos ou auriculares conectados a aparato receptor ou reprodutor de son	<b>60</b>
018	2	002	L	Conducir utilizando dispositivos de telefonía móbil, e calquera outro	<b>60</b>



## CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

				medio ou sistema de comunicación prohibido	
